

TRACA - TRACO

24 CANTIÇAS DE NANAR, UN ALOUMIÑO E UN ARROLO

Paco Rivas



Primeira edición, maio de 2015

© Letra e música: Paco Rivas

Prólogo: Xesús Alonso Montero (presidente da Real Academia Galega)

© Ilustrador: Alfonso Otero Regal

Maquetación: Rosa Escalante Castro / Ramón Pais Martínez

© da edición

Edicións do Cumio, S. A.

Polígono ind. A Reigosa, parcela 19

36827 Ponte Caldelas, Pontevedra

Tel.: 986 761 045

cumio@cumio.com / www.cumio.com

© Reservados todos os dereitos

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación

desta obra só pode ser realizada coa autorización dos titulares, agás excepción prevista pola lei.

Diríxanse a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos)

se precisan fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra

(www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 47).

ISBN: 978-84-8289-492-8

Depósito legal: VG 158-2015

Impresión: Gráficas Lasa, S. L.

Impreso en Galicia

Canta unha nana...

Canta un arrolo...

Que non tes berce?

Cólleo no colo.

E rorró, rorró, meu neno,
rorró, rorró, meu amor...

Prólogo

XESÚS ALONSO MONTERO
(Presidente da Real Academia Galega)

Este libro infantil é un libro para os maiores, fundamentalmente para os maiores. Nas súas páxinas, pais e nais —e avós e avoas— aprenderán os versos máis xeitosos do mundo para entreteren ós seus fillos pequenos ou para facérennos durmir, aínda que deste laborciño xa se encarga, co xeito debido, Pedro Chosco, moi presente e oportuno nalgúns dos poemas de Paco Rivas, vello amigo desta deidade do sono. As nais e os pais que dialoguen cos seus fillos pequenos cos versos de Paco Rivas terán éxito sempre porque os versos do noso poeta, ricos e moi eficaces en recursos gasalleiros, converten ó emisor —recitador ou cantor— nun locutor nobre, entrañable, agarimoso, lírico e cheo de bondades.

Dalgún xeito, estes *cantos de nanar* constitúen un libro moral: os versos do poeta ennobrece o emisor (papá, mamá, avó...) e sitúan ós receptores —miudiños na arte de vivir— nun universo limpo, mol, morno, tenro, engaiolante..., universo construído sabiamente sobre as deliciosas trabes de ouro dun vocabulario poético que Paco Rivas coñece e administra con man de meigo: berce, arrollo, miña xoia, colo, chuscursusqueiro, nanar, galano, picariño, ruxe-ruxe...

Cando, hoxe, algúns sociolingüistas nos alertan sobre o feito de que en moitas familias a transmisión idiomática rompe, este “manual” de Paco Rivas pode contribuir a que, en certos casos, a lingua galega non desapareza totalmente, no ámbito familiar, nos primeiros anos da relación pais/fillos. Non sei de versos mellores para este mester. Eu xa sabía que Paco Rivas tiña o don de contar e cantar fermosamente para os nenos galegos, que, xa grandiños, non esquecerán a gramática, o léxico e a métrica deste libriño. O seu prodixio literario, o seu celme lingüístico non será esquecido, tampouco, por pais, nais, avoas e avós.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística debería promocionar con entusiasmo este libro pois está na liña dun dos seus máis importantes obxectivos: normalizar ou consolidar o idioma galego nunha delicada zona cronolóxica da vida da familia. Se existise no noso organigrama governamental a Secretaría Xeral de Delicados Asuntos Poéticos, este organismo apoiaría coas mellores razóns literarias a proposta que facemos en favor de *Traca-traco. 24 cantigas de nanar, un aloumiño e un arrollo*, unha alfaia no seu xénero.

Eu cantar cantar cantei...

(Rosalía de Castro)

Os que me coñecen saben que gosto de parolar co mar, gosto xa dende picariño. É moi raro que non parolemos cada día de calquera cousa, de mariñeiros, de menceres, de xogaraís, de solpores..., brisa, auxías ou maruxainas... Parolamos, que ese é o conto, e parolamos tamén de el e de min, da nosa relación que xa vai para vello, dende aquel tempo en que me arrolaba no berce do meu cuarto, fronte a fronte cos seus salseiros...

E soñamos, soñamos moito, sempre espertos, como ten que ser... O mar foi quen me aprendeu a soñar cando, no tempo en que os animais falaban, no colo do meu berce me arrolaba un sopro de nordesía que cantaba a fío no peteiro da fiestra do meu cuarto...

Arrolábame con dozura como as mais fan cos seus fillos, coa frescura do orballo que beixa a rosa aló pola mañanciña cando o sol abre a porta ó día... Dende aquela,

Ondas do mar levo en min,
é o recordo dun arrollo
cando o mar me fixo colo
e unha nana lle aprendín...



Cantábame unha cantiga de berce, unha cantiga de arrollo, unha nana. Dende aquel día, mellor dito, dende aquela noite, sempre agardei e aínda agardo por esa cantiga que, coa complicidade da brisa, chegue á miña ventá e me arrole. Converteuse no vicio, na escusa, no argumento, na razón para me deitar.



Sempre crin, dende aquela —e sigo a crer—, que hai que arrolar ós nenos, ás nenas, ós homes, ás mulleres..., e aínda máis: ós paxariños, ás vacas, ás galiñas..., ás árbores, ós ríos..., ós anxos, ás bolboretas...

Sempre crin, e aínda creo, que ninguén pode durmir —durmir ben, se entende; ou sexa, con soños incluídos—, sen escoitar un arrollo, sen escoitar unha cantiga de berce, unha nana... (unha ou dúas ou as que sexan, ata que chegue Pedriño, o Chosco...).

Por iso fun cabo do mar e, cando rematou de me cantar e de me soprar soños, mesturei todo ben mesturado, pechei os ollos e boteime a soñar días, meses, anos..., e naceron estas cantigas de nanar que aquí vos presento. De sobra queda claro que tódalas virtudes que atopedes nelas son obra e graza do mar. E de atopardes defectos ou tachas, sempre será pola culpa deste copista, ousado transmisor de soños e de arrollos. Rógovos pois, sexades indulxentes comigo se é que non souben contarvos-cantarvos, coa graza debida, tan doces arrollos. Pídvos tamén que as escoitedes con atención cada día, cada noite, antes de durmir, despois de durmir ou mesmo mentres estades a durmir; cos ollos abertos ou pechos, pero sempre coas orellas ben espertas e o corazón (a caixiña dos soños) e as mans ben abertas... É o único xeito de que as poidades cantar. Graciñas e doces soños.

No cómaro de catro auxías do mar de Nois, un día calquera (non, unha noite dun día calquera) dun ano que non lembro...





Aloumiño para chamar a Pedro Chosco

No faio azul dunha landra
o sol xoga á viscuriña,
o día vístese de noite,
a noite ípese de día.

As cores das súas saias
ergueullas o ar dunha brisa,
véselles o embigo ás estrelas...
Mira a lúa, brilla... brilla...

Nun derradeiro raiolo,
mórrelle a ollada ó día,
adormeceron as cores...,
bambéanse nunha espiga.

O cuco cuco cuqueiro,
cu-cu, cuca unha cantiga,
o solpor prendeu no sono
no morno berce da ría.

Rorró rorró nun arrolo
o sol fechou as meniñas...
O día vístese de noite,
a noite ípese de día...

Meu Pedro Chosco Chosqueiro,
fareiro das estrelas,
estraperlista de soños,
arrolador de meniñas.

No colo dos meus abrazos
acocha esta ollada espida,
corazón dos meus latexos,
miña xoia..., miña vida.



Durme meu meniño,
con esta canción,
con este pedazo
do meu corazón.

Durme meu meniño,
ro-ro meu amor,
pecha eses olliños
que conto ata dous.

1-2

Durme meu meniño,
ou conto ó revés,
do tres para baixo
e empezo outra ves.

Durme meu meniño,
que durmas moi ben,
con Pedro Chosquiño,
que conto ata seis.

1-2-3-4-5-6

Durme meu meniño,
que eu xa teño sono,
con este biquiño,
e conto ata oito.

Durme meu meniño,
que agora, non ves?
con estes dediños,
xa conto ata des.

1-2-3-4-5-6-7-8-9-10



Durme meu meniño

$\text{♩} = 88$

C **Dm⁷** **G** **C**

Dur-me meu me - ni - ño, con es - ta can - ción, con es - te pe - da - zo do meu co - ra - zón.

9 **Dm⁷** **G⁷** **C** **Dm⁷** **G⁷** **C**

Dur-me meu me - ni - ño, ro-ro meu a - mor, pe - cha e - ses o - lli - ños que con - to a - ta dous. Un - dous.

19 **C** **Dm⁷** **G** **C**

Dur-me meu me - ni - ño, ou con - to ó re - vés, do tres pa - ra bai - xo e em - pe - zo ou - tra ves.

27 **Dm⁷** **G⁷** **C** **Dm⁷** **G⁷** **C**

Dur-me meu me - ni - ño, que dur - mas moi ben, con Pe - dro Chos - qui - ño, que con - to a - ta seis.

35

Un - dous - tres - catro - cinco - seis.

41 **C** **Dm⁷** **G** **C**

Dur-me meu me - ni - ño, que eu xa te - ño so - no, con es - te bi - qui - ño, e con - to a - ta oi - to.

49 **Dm⁷** **G⁷** **C** **Dm⁷** **G⁷** **C**

Dur-me meu me - ni - ño, que a - go - ra, non ves? con es - tes de - di - ños, xa con - to a - ta des.

57

Un - dous - tres - catro - cinco - seis - sete - oito - nove - des.

Que guapo te vexo,
que guapo que estás.

Meu chuscurreusqueiro,
quérote chuchar.

Meu chuscurreusqueiro,
quérote chuchar.

Un chucho primeiro,
despois moitos máis...

Meu chuscurreusqueiro,
ollos da mamá!



Que guapo te vexo

$\text{♩} = 52$

Em D Em

Que gua - po te

5 Em D Em

ve - xo, que gua - po que es - tás. Meu chus - cu - rrus -

9 D Em

quei - ro, qué - ro - te chu - char. Meu chus - cu - rrus -

13 D Em

quei - ro, qué - ro - te chu - char. Un chu - cho pri -

17 Em D Em

mei - ro, des - pois moi - tos máis... Meu chus - cu - rrus -


21 D Em

quei - ro, o - llos da ma - má!

Mil cantos que mexen
estanse a escoitar,
que cantan os sapos,
o vento e o mar.

O fiu-fiu do vento,
o chas-chas do mar,
o cro-cro do sapo,
e o meu la-la-lá.

Son cantos, son cantos,
para te nanar.
Meniño galano,
para te nanar...



Mil cantos que mexen

$\text{♩} = 92$

F C F C

Mil can - tos que me - xen es - tan - se a es - coi - tar,

5 Dm C G C

que can - tan os sa - pos, o ven - to e o mar.

9 F C F C

O fiu - fiu do ven - to, o chas - chas do mar,

13 Dm C G C

o cro - cro do sa - po, e o meu la - la - la.

17 F C F C

Son can - tos, son can - tos, pa - ra te na - nar.

21 Dm C G C

Me - ni - ño ga - la - no, pa - ra te na - nar...